

SECRETARIA

ROF		
EXPEDIENTE	Sesión do Pleno do Concello	Ref. 14/2018
TRÁMITE	Acta	

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27 DE DECEMBRO DE 2018

No Salón de actos do Pazo de Mos, sendo as 09:00 horas do día 27 de decembro de 2018, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa dona Nidia M^a Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros e Concelleiras.

Asisten os seguintes Srs. Concelleiros e Sras. Concelleiras:

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín
D^a. Julia Loureiro Campo
D. Alberto Méndez Lago
D. José Luis Alonso Seijo
D. Cándido Pérez Rodríguez
D^a. Sara M^a Cebreiro Alonso (incorporouse no punto 2.)
D. Camilo Augusto Martínez
D. Baldomero Lorenzo García

Polo grupo municipal de GañaMos:

D. Miguel Angel Rodríguez Alonso
D^a. M^a Aurora Giráldez Leirós
D. Roberto Carlos Rodríguez Dasilva

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D^a. Patricia Pérez Ucha
D^a. Silvia González Pereira

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso

Concelleiros non adscritos

D. Emilio Muíños Pumar
D. Pablo Castro Represas

SECRETARIA

Secretario acctal.
Victor Rodriguez Pérez
Interventora
Marina Táboas Bernárdez

1. Aprobación do borrador da acta da sesión anterior (26 de novembro de 2018).

Iníciase a sesión someténdose a votación a acta do 26 de novembro de 2018.
A continuación procédese á votación da acta quedando aprobada por unanimidade dos membros presentes da Corporación.

2. Aprobación da modificación da composición da comisión de deslinde na zona de Fonte da Portela

Explica o Secretario que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Servizos Públicos e Patrimonio celebrada o 21 de decembro de 2018.

O Sr. Rodríguez Alonso di que descoñecen o motivo para cambiar un membro da Comisión de deslinde e introducir a Angel Sio que foi unha persoa responsable do desastre urbanístico que hai no termo do Concello, e que se descoñece se hoxe en día é parte interesada no asunto e entenden que esta persoa non é a mais idónea e que se debía buscar unha persoa de mais idade e que coñeza ben o lugar.

A Sra. Perez Ucha di que van votar afirmativamente porque o membro nomeado aquí non vai ser el só quen decida.

O Sr. Muiños Pumar, manifesta que a ver si definitivamente ese punto se aclara dunha vez por todas.

A Alcaldesa explica que o Sr. Sio Pérez foi concelleiro de Patrimonio moitos anos, que coñece ven o asunto e que rigor este goberno tivo sempre; que cree que neste asunto todo o goberno ten que estar de acordo.

Con todos os grupos no mesmo senso; sométese o acordo a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros presentes da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

- 1 Modificar a composición da Comisión Informativa de deslinde entre os Concellos de Mos e Vigo na zona de Fonte da Portela, segundo o acordo plenario de 25 de xullo de 2018 que levará a cabo a verificación das operacións de deslinde,

SECRETARIA

quedando como segue:

- Dona Nidia M^a Arévalo Gómez, Alcaldesa- Presidenta da Corporación.
 - Don Camilo Augusto Martínez, dona Patricia Pérez Ucha e don Miguel Ángel Rodríguez Alonso (Concelleiros do grupo popular, PSOE e Gañamos)
- 2 Designar a dúas persoas, que pola súa avanzada idade e acreditado xuízo poden xustificar o sitio no que estiveron as mouteiras ou sinais divisorios, para que acudan ao acto de deslinde por parte deste municipio, sendo as seguintes:
 - Don Camilo Fontán Balbuena
 - Don Ángel Sío Pérez
 - 3 Designar como Perito que asistirá ao Concello nos labores de deslinde ao Enxeñeiro Técnico Agrícola don Ángel Bravo Portela,.
 - 4 Convocar o acto de deslinde para o día 11 de xaneiro de 2018 ás 13 horas.
 - 5 Comunicar o presente acordo ao Concello de Vigo para o seu coñecemento e efectos.
 - 6 Comunicar o presente acordo ás persoas que tomarán parte no acto de deslinde para o seu coñecemento e efectos.
 - 7 Comunicar o presente acordo ao Perito que tomará parte no acto de deslinde para o seu coñecemento e efectos.
 - 8 Comunicar o presente acordo ás Forzas de Seguridade que tomarán parte no acto de deslinde para o seu coñecemento e efectos.
 - 9 Comunicar o presente acordo aos propietarios de terreos afectados polo deslinde que tomarán parte no acto de deslinde para o seu coñecemento e efectos.

3. Aprobación definitiva do inventario de camiños de uso público municipal.

Explica o Secretario que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Servizos Públicos e Patrimonio celebrada o 21 de decembro o de 2018.

O Sr. Rodríguez Alonso pide que a documentación se entregue con mais tempo xa que se trata dun asunto de gran tamaño para estudialo, que non están de acordo xa que algúns

SECRETARIA

dos camiños eran servidumes o que vai dar lugar a maiores gastos ás arcas públicas, polo que se van abster.

O Sr. Aldea Moscoso pide que se lle pase aos concelleiros unha copia do inventario definitivo.

O concelleiro delegado de Patrimonio, Sr. Martínez Augusto, di que este expediente ven de largo polo que os concelleiros xa tiveron tempo de velo e que un expediente revisado polos técnicos municipais.

Tras o debate, a Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría de 9 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular, do P.S.deG.-P.S.O.E (2) e do B.N.G. (1) e dos concelleiros non abscritos o Sres. Muiños Pumar e o Sr. Castro Represas e a abstención do grupo municipal GañaMos (3), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

1. Estimar as alegacións seguintes:

- Alegación nº 14.403 de 2017
- Alegación nº 14.468 de 2017
- Alegación nº 14.484 de 2017
- Alegación nº 14.516 de 2017
- Alegación nº 14.738 de 2017
- Alegación nº 66 de 2018
- Alegación nº 113 de 2018
- Alegación nº 260 de 2018
- Alegación nº 553 de 2018
- Alegación nº 824 de 2018
- Alegación nº 1.146 de 2018
- Alegación nº 1.238 de 2018
- Alegación nº 1.271 de 2018
- Alegación nº 1.272 de 2018
- Alegación nº 1.326 de 2018
- Alegación nº 2.716 de 2018
- Alegación nº 13.072 de 2018
- Alegación nº 13.073 de 2018
- Alegación nº 13.074 de 2018
- Alegación nº 12.400 de 2018
- Alegación nº 11.844 de 2018
- Alegación nº 11.846 de 2018

2. Estimar parcialmente segundo o argumentado no informe técnico as seguintes alegacións:

SECRETARIA

- Alegación nº 24 de 2018
- Alegación nº 876 de 2018
- Alegación nº 934 de 2018
- Alegación nº 1.064 de 2018
- Alegación nº 1.215 de 2018
- Alegación nº 1.222 de 2018
- Alegación nº 1.270 de 2018
- Alegación nº 1.294 de 2018
- Alegación nº 13.929 de 2018
- Alegación nº 13.927 de 2018
- Alegación nº 13.928 de 2018

3. Desestimar as seguintes alegacións:

- Alegación nº 14.293 de 2017
- Alegación nº 14.605 de 2017
- Alegación nº 14.609 de 2017
- Alegación nº 14.735 de 2017
- Alegación nº 14.736 de 2017
- Alegación nº 4 de 2018
- Alegación nº 67 de 2018
- Alegación nº 114 de 2018
- Alegación nº 343 de 2018
- Alegación nº 395 de 2018
- Alegación nº 611 de 2018
- Alegación nº 637 de 2018
- Alegación nº 913 de 2018
- Alegación nº 920 de 2018
- Alegación nº 935 de 2018
- Alegación nº 936 de 2018
- Alegación nº 1.011 de 2018
- Alegación nº 1.048 de 2018
- Alegación nº 1.127 de 2018
- Alegación nº 1.148 de 2018
- Alegación nº 1.159 de 2018
- Alegación nº 1.244 de 2018
- Alegación nº 1.250 de 2018
- Alegación nº 1.252 de 2018
- Alegación nº 1.264 de 2018
- Alegación nº 1.265 de 2018
- Alegación nº 1.266 de 2018
- Alegación nº 1.267 de 2018
- Alegación nº 1.403 de 2018
- Alegación nº 11.573 de 2018

SECRETARIA

- Alegación nº 12.494 de 2018
 - Alegación nº 12.552 de 2018
4. Aprobar definitivamente o inventario de camiños de uso público municipal no solo de núcleo rural do Concello de Mos formado en data 20 de outubro de 2017 e redactado pola empresa TOPAG.
 5. Publicar o presente acordo no boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor o día seguinte á súa publicación.
 6. Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.
 7. Notificar aos interesados o presente acordo.

4. Bonificación ou exención Tributaria

Explica o Secretario que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda e Contratación celebrada o 21 de decembro o de 2018.

O Sr. Rodríguez Alonso di que votarán a favor pero piden que se establezan a través dunha ordenanza os criterios para a concesión destas exencións.

O Sr. Aldea Moscoso, manifesta que coincide con Gañamos en que deben fixarse uns criterios para estas concesións.

O Sr. Muiños Pumar pensa que está sobradamente demostrado que non se fan tendo en conta a cor política senón en asociacións ou comunidades que son as que levan o peso cultural das parroquias, para as que pide respecto.

A Alcaldesa coincide co Sr. Muiños, que non se conceden ao arbitrio e pide ao concelleiro de facenda que prepare unha ordenanza que recolla estas bonificacións. Neste caso concreto o albergue ten unhas inversións brutais que non paga o Concello senon unha asociación.

A continuación sométese, a votación ordinaria, e resulta aprobada por unanimidade do membros da Corporación, o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar o especial interese e utilidade municipal por concorrer circunstancias *socias* na obra de . ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE PLANTA BAIXA E ALTA PARA HABILITAR COMO ALBERGUE ACCESIBLE concedendo o 95% de bonificación da CUOTA DO IMPUESTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS á AA.VV.SANTA BAIA DE MOS con CIF G36142685 pola execución desta obra o que supón unha bonificación de 568,10 euros sobre a liquidación do ICIO que implica unha cuota final a pagar de 29,90 euros.

SECRETARIA

Segundo.-Comunicar o acordo ao interesado e a o Departamento de Urbanismo do Concello para a súa incorporación ao Expediente, así como ao Departamento de Recadación.

5. Aprobación do Calendario Fiscal

O Secretario di que o asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda e Contratación celebrada o 21 de novembro o de 2018.

O Sr. Rodríguez Dasilva pregunta porque non se tivo en conta o informe da tesoureira, xa que fai unhas recomendacións por eficiencia e eficacia e na que solicita mais repartida.

O Sr. Méndez Lago di que a proposta é da tesoureira.

A Sra. Pérez Ucha manifesta que van a votar a favor e que haberá que intentar axustar os ingreso aos pagamentos.

O Sr. Aldea Moscoso di que votará a favor e que se debería tratar de potenciar a domiciliación dos recibos.

O Sr. Muiños Pumar, explica que non está de acordo que se premie a domiciliación de recibos xa que sería un menosprezo a unha parte dos veciños.

Tras o debate, a Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría de 9 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular, do P.S.deG.-P.S.O.E (2) e do B.N.G. (1) e os concelleiros non abscritos o Sres. Muiños Pumar e o Sr. Castro Represas, e o voto negativo do grupo municipal GañaMos (3), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro. Aprobar o calendario fiscal do Concello correspondente ao exercicio 2019.

TRIBUTO	DATA DE INICIO	DATA DE FINALIZACIÓN	DATA DE CARGO EN CONTA ORDINARIA	DATA DE CARGO EN CONTA 2 CARGOS
IVTM	20/05/2019	22/07/2019	20/06/2019	1º PRAZO 2 ºPRAZO

SECRETARIA

				05/06/2019 04/07/2019
TAXA DE LIXO	31/10/2019	31/12/2019	28/11/2019	1º PRAZO 2 ºPRAZO 14/11/2019 12/12/2019

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE DOMICILIACIÓN DO SISTEMA ORDINARIOS (1 PAGO) OU DOMICILIACIÓN DO SISTEMA ESPECIAL DE PAGOS (2 FRACCIONES OU PAGOS): Poderase presentar a solicitude de domiciliación ao longo de todo o exercicio, entendéndose que surtirá efectos para o ano en curso, sempre que, para o IVTM se presentase antes do 15/05/2019 e para a Taxa de Lixo se presentase antes do 25/10/2019. En caso de presentarse en datas posteriores as solicitudes teranse en conta para os exercicios 2020 e seguintes.

O pagamento realizarse a través das entidades de crédito coas que se teña concertado a prestación do servizo de cobro que se sinalarán nos recibos que se emitan e, en todo caso, incluirá a lo menos dúas.

Segundo. Someter o devandito calendario a información pública, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello e a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello. [<http://mos.sedelectronica.gal>].

6. Aprobación do complemento retributivo para as situacións de incapacidade temporal dos empregados públicos do Concello de Mos.

O Secretario di que o asunto que foi ditaminado pola Comisión Informativa de Personal e Réxime Interior, celebrada o 21 de decembro de 2018.

Estando toda a Corporación no senso de apoiar aos funcionarios, a Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro. - Modificar o artigo 57 do acordo regulador do persoal funcionario do Concello de Mos e o artigo 58 do Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Mos, nos seus apartado primeiro e segundo, quedando da seguinte forma:

- 1 Se establece un complemento retributivo dende o primeiro día de incapacidade temporal que sumando á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social que

SECRETARIA

alcance ata un máximo do 100% das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal

Segundo. - Proceder a publicación do acordo na sede electrónica e no taboleiro do Concello de Mos para xeral coñecemento e notificar aos representantes sindicais.

7. Resolucións de alcaldía

Dáse por realizado o trámite.

8. Comunicacions de alcaldía

A Sra. Alcaldesa comunica que se iniciou un expediente para a bonificación do IBI ás asociacións agora que a lei o permite.

9. Rogos e preguntas

O Sr. Rodríguez Alonso, pide que se rectifique e se trasladen os recortes nas partidas de educación e benestar social ás de propaganda, festexos, etc; xa que non é de recibo que, por exemplo, os recortes en limpeza e mantemento de educación poden ter consecuencias sanitarias.

A Sra. Alcaldesa, rógalle rigor e seriedade que non é admisible a mentira, que os concelleiros delegados das áreas teñen reunións cos afectados, por exemplo a partida de Asomamos pasa a Cultura, e debería preguntarlle aos técnicos de servizos sociais e que non pode permitir que diga que corre perigo a salubridade dos rapaces.

O concelleiro delegado de educación, manifesta que é moi grave o que se está dicindo e que as reducións na partida de educación son por persoal que se xubilou e que se axustou a partida á realidade, e que houbo un axuste en aula madrugada e electricidade.

A concelleira delegada de Cultura, quere aclarar que é increíble que digan as cousas sen pasar polo departamento, e que as partidas de axuda no fogar e axuda na escola non baixaron senón que se axustaron, é dicir, subiron unhas e baixaron outras.

En relación á situación das gabarras que se aparcan nas inmediacións do centro de saúde, e se dixo que estaba solucionado, pero a día de hoxe todo segue igual.

A Alcaldesa di que se toma nota.

Pregunta que se sabe da remodelación dos accesos na A-55, as obras están sin rematar, que o que mais lle preocupa é a obra de San Eleuterio, a situación da casa é lamentable, non hai alumeadado, non hai aceras para a xente que veña de Rans, non hai paso de peóns,

SECRETARIA

e o problema agora é superior ao que había. E pregunta como o Concello non tomou ningunha iniciativa vendo como iba a quedar e agora que se vai facer.

Referíndose ao Centro Comercial do Celta, piden que non se trate de confundir a poboación por medio de outros recadeiros, e roga que se retire a modificación puntual do PXOM e deixe de crear crispación entre os veciños.

O **Sr. Rodríguez Dasilva**, pregunta si o Concello vai facer algo no caso da Depuradora de Herville que leva anos funcionando mal.

A Sra. Alcaldesa responde que é competencia do Consorcio.

Camiño que transcorre do barrio do Casal ata a A-55, a veciñanza solicitou a reposición deste camiño, se fixo algo ao respecto e pide que se vexan os taludes.

Responde a Alcaldesa que está feito.

Di que seguen os cheiros da empresa Afansa, no polígono da Veigadaña, pregunta si se vai facer algo.

A **Sra. Giráldez Leirós**, pregunta si está todo ben no Centro de saúde de Mos, si esta ben que solo haxa catro médicos, en vez de oito; que non teña coordinador médico nin de enfermería.

Responde a Alcaldesa que as deficiencias son competencia da Consellería de sanidade pero que o Goberno si está preocupado e cando hai unha baixa pedimos que se repoña canto antes.

Pregunta porque non están funcionando as Ludotecas municipais.

Responde a Alcaldesa que se fixo unha licitación e quedou deserto

Sobre o acceso a cadeiras de rodas no camiño de Icofrio, o que se fixo non é practicable.

Responde a Alcaldesa, que coñece o problema e que a veciña recibe a atención do Concello, efectivamente píde que se lle faga un acceso a vía de servizo, e na súa realización o Ministerio paralizou a obra e aínda estamos esperando unha solución.

Roga para que Mos recobre a tranquilidade, o goberno municipal non incendien as traídas de agua nin as comunidades de Montes.

A **Sra. Pérez Ucha**, sobre dous camiños en Pereiras, que teñen invertidos os nomes o camiño da Furna e outro, pregunta si hai resposta.

Sobre a rotonda de San Eleuterio pregunta que se vai facer para que pasen os peóns.

SECRETARIA

Responde a Alcaldesa que está pendente, as obras están sen rematar e haberá unha reunión técnica.

Prega que haxa un control sobre o centro de saúde cando falten médicos, medicinas ou vacinas.

O Sr. Aldea Moscoso, pregunta polas traballadoras sociais que solo hai dúas.
Responde a concelleira delegada de servizos sociais que se está facendo o proceso de selección.

En Louriño, parece que cando se fixo a limpeza de cunetas, rozaron pero non limparon.

Sobre un incendio nunha vivenda en Torroso, que a actuación das emerxencias de Mos non foi a correcta, cando chegaron alí non puxo ningún sistema de protección, polo que debería de haber un protocolo de actuación.

O Sr. Muíños Pumar, pide que ou se invirta o orden ou que se faga un descanso, pero que se está asistindo a un mitin continuo, e que os temas xa tratados en Pleno xa están tratados.

A Sra. Alcaldesa, di que ten razón polo que a partir de xaneiro formularanse a pregunta ou rogo e se contesta e nada mais.

Quere reincidir no problema da rotonda de San Eleuterio, e que a casa que quedou foi decisión do propietario.

Nas obras da Estrada de Puxeiros a Peinador debería esixir a mellora porque a calidade do asfaltado é nefasto.


O Sr. Castro Represas, quere insistir no problema da rotonda de San Eleuterio e do Centro de Saúde.

Pide que a Corporación tome un posicionamento claro co proxecto do Celta porque uns días dicen si e outros días non, polo que deberían clarexarse.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa felicita o ano e seguidamente levántase a sesión sendo as dez horas e vinte e un minutos do vinte e sete de decembro de dous mil dezaioito, estendéndose a presente acta da que como secretario dou fe.

A Alcaldesa,
Visto e prace
Nidia M^a Arévalo Gómez
(Asinada electronicamente)

O Secretario Acctal.,
Victor Rodríguez Pérez
(Asinada electronicamente)



Praza do Concello n1- Petelos
36416 – Mos (Pontevedra)
Tfno.: 986 331 200
Fax. 986 336 618

SECRETARIA